

PROCESO DE INSCRICIÓN

- **Número de prazas:** 60.
- **Criterios de selección:** por orde de inscrición, dando preferencia aos socios de APETEGA que teñan aboado a cota de alta ou de renovación como socios antes do día 9 de novembro de 2009.
- **Prazo de inscrición:** dende o 9 de novembro ás 22:00 h ata o 20 de novembro ás 20:00 h.
- Os interesados en inscribirse teñen que cubrir o formulario on-line, no prazo indicado, no enderezo:
<http://www.apetega.org/xor-outono09/xor-inscripcion.php>
- Esta actividade é gratuita para os socios de APETEGA.
- Para os non socios a cota de inscrición é de 35 €, polo que ademais da inscrición on-line deberán facer o ingreso na conta de APETEGA (Caixanova, conta nº 2080-0141-41-0040007345) antes do día 28 de novembro, e presentar o xustificante de dito ingreso ao comezo da Xornada.

Para calquera dúbida ou suxerencia, escribir a:

xornadas@apetega.org



**ASOCIACIÓN DO PROFESORADO
DE TECNOLOXÍA DE GALICIA**

www.apetega.org

contacto@apetega.org

III XORNADA MONOGRÁFICA



Enerxía solar

28 de novembro de 2009

IES Escolas Proval de Nigrán

Organiza:  ASOCIACIÓN DO PROFESORADO
DE TECNOLOXÍA DE GALICIA
www.apetega.org
contacto@apetega.org

III XORNADA MONOGRÁFICA ENERXÍA SOLAR

IES Escolas Proval de Nigrán
28 de novembro de 2009

PRESENTACIÓN

APETEGA organiza un ano máis a Xornada Monográfica, actividade de formación en modalidade de curso presencial, dirixida ao profesorado do ensino público de educación secundaria que imparta a área de Tecnoloxía.

OBXECTIVOS

- Presentar os principios físicos de captación e almacenamento de enerxía solar térmica e a súa aplicación ao procesado de alimentos.
- Fomentar o desenvolvemento de prototipos de cociñas solares adaptadas a diferentes condicións e usos.
- Presentar os materiais e dispositivos empregados na captación e utilización da enerxía solar fotovoltaica.
- Capacitar ao profesorado na construción de reguladores de tensión electrónicos adaptados a uso solar.

CONTIDOS

- Importancia da enerxía solar como método de redución do uso de combustibles fósiles.
- Tipos de cociñas solares, métodos de funcionamento, alternativas de construción e materiais que se poden empregar.
- Desenvolvemento de prototipos de cociñas solares adaptadas a diferentes condicións e usos.
- Principios de funcionamento da enerxía solar fotovoltaica e exemplos de utilización.
- Construción de reguladores de tensión electrónicos adaptados a uso solar.

METODOLOXÍA

- Obradoiros prácticos:
 - **Obradoiro de cociña solar:** Construción de cociñas de concentración por metalizado de antenas parabólicas.
 - **Obradoiro de enerxía solar fotovoltaica:** Montaxe dun control de carga sinxelo para paneis solares con reguladores de tensión electrónicos.

PROGRAMA

09:30	Recepción e entrega de documentación
10:00	Inicio da Xornada e presentación do relator
10:15	Obradoiro de cociña solar
14:00	Xantar* (Consultar o menú na web de APETEGA)
16:00	Obradoiro de enerxía solar fotovoltaica
20:00	Clausura da Xornada

IMPORTANTE

- Está solicitada a homologación da Xornada á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria por un total de 8 horas.
- Colgarase información detallada na web de APETEGA, no enderezo:
<http://www.apetega.org/xor-outono09/xornada.php>

* **Nota:** O prezo do xantar non está incluído na cota de inscrición na Xornada, nin nas cotas de alta e/ou renovación como socios, polo que terá que ser aboado a maiores por todos aqueles que queiran participar nel.